

SERVICIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN EDUCACIÓN SUPERIOR

Esperanza Bausela Herreras¹

Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación (M.I.D.E)

Área de Personalidade Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos (P.E.T.R.A)

RESUMO

O nivel universitario ten sido o máis excluínste de todos, polo que respecta á integración de alumnos / as con algún tipo de deficiencia. Neste artigo abordaremos as diversas accións que se levaron e se están levando a cabo nas distintas universidades. Finalizamos, reflexionando sobre como a presenza de estudantes con discapacidade pode e debe significar un revulsivo cara a unha mellora da educación.

Palabras Clave; Resposta á diversidade, integración, discapacidade, calidade de educación, servizos de atención á diversidade.

RESUMEN

El nivel universitario ha sido el más excluyente de todos, por lo que respecta a la integración de alumnos / as con algún tipo de deficiencia. en este artículo abordaremos las diversas acciones que se llevaron y se están llevando a cabo en las distintas universidades. Finalizamos, reflexionando sobre como la presencia de estudiantes con discapacidad puede y debe significar un revulsivo hacia unha mejora de la educación.

Palabras Clave; Respuesta a la diversidad, integración, discapacidad, calidad de educación, servicios de atención a la diversidad.

SUMMARY

The university level has been the most excluding of all, regarding the integration of students / ace with some type of deficiency. In this I articulate we will approach the diverse actions that they have been taken and they are carried out in the different universities. We conclude, meditating on as the presence of students with discapacidade can and it should mean a revulsivo toward an improvement of the education.

Key words; Answer to the diversity, integration, disabilities, education quality, services of attention to the diversity.

¹ Becaria de investigación da Universidade de León baixo a codirección dos profesores Dr. D. Delio del Rincón Igea y Dr. D. Dionisio Manga Rodríguez da Universidade de León.

1. Introducción: a diversidade

As persoas somos diferentes por razón da nosa herdanza, intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, grupo social de procedencia, sexo, expectativas vitais, capacidades sensoriais, motrices ou psíquicas, posibilidades e experiencias laborais, lingua e ideoloxía, etc. A diferenza, en por si, enriquece a vida humana e xera complementariedade. O verdadeiramente empobrecedor é que ese "ser diferentes" desemboque en desigualdade, en falta de equidade e en inxustiza social (Bayot, Rincón, e Hernández, 2002).

Coincimos con Bermúdez e cols. (2002) quen afirma que ata o de agora resulta case anecdótico atopar documentación sobre a problemática das persoas con discapacidades físicas ou sensoriais que acceden aos estudos superiores. Isto non quere dicir que non accedan aos estudos superiores persoas con discapacidade, unha mirada intelixente permitíranos observar como nos centros universitarios españois, como no resto do mundo occidental atopamos persoas que presentan algunha discapacidade. Os escasos alumnos con discapacidades visuais, auditivas ou de desprazamento e manipulación que acadaron os estudos universitarios, fixérono grazas a unha gran forza de vontade, o uso de numerosos recursos tanto persoais como técnicos e económicos e o apoio indiscutible e incuestionable dos seus familiares e amigos.

1. A universidade e a diversidade

O 10% dos cidadáns (30 millóns) na Comunidade Europea están afectados por unha discapacidade. Pero Giron (1997) pregúntase cántos están realizando estudos superiores? moi poucos. Fálase de igualdade de oportunidades, é dicir, do proceso polo que os diversos sistemas da sociedade, o marco material, os servizos, as actividades, a información e a documentación se dan de igual forma e de maneira efectiva, accesible a todos. Cantas universidades e establecementos superiores se corresponden con esta definición?

O nivel universitario ten sido, segundo Díaz Sánchez (2000), por antonomasia o máis segregador e excluínte de todos, polo que respecta á integración de alumnos / as con algún tipo de deficiencia ou minusvalía. O cal contrasta coas actuacións que de prácticas integradoras se desenvolven en niveis non universitarios. Así, por exemplo, López Sacristán (1991) describe unha experiencia vallisoletana de integración educativa adscrita ao Programa Helios. Realmente suscítanos un verdadeiro problema no sistema educativo, se o consideramos desde unha perspectiva holística. Existe unha discriminación entre as diferentes etapas do mesmo en canto ao proceso de atención á diversidade.

A Universidade está chamada a desempeñar un papel decisivo para asegurar o principio de *igualdade de oportunidades*, a condición de que as diferencias que impiden a determinados colectivos de estudantes dispoñer dos

recursos dispoñibles para todos e de ter iguais posibilidades de facer un uso equivalente dos mesmos sexan compensados con medidas que lles faciliten o seu acceso (Granados Martínez, 2000).

Para Granados Martínez (2000) isto esixe que ditas diferencias sexan efectivamente percibidas como tales diferencias; isto é, como formas que imposibilitan ver e acceder a unha mesma realidade tal e como o poden facer quen non as teña. Facelo en termos de diversidade sería admitir a posibilidade de acceder aos mesmos recursos dispoñibles para todos na Universidade desde horizontes particulares e distintos, pero non por iso menos lexítimos.

O profesor Fernández (1997) introduce o termo “alteridade”, como base da educación para a igualdade e que encontra a súa orixe na diversidade humana. Falar de alteridade supón o recoñecemento por outros de que somos distintos a eles.

Unha educación para todos é posible mentres non se pretenda homoxeneizar o que é diverso por si mesmo. Educar na diversidade non se basea na adopción de medidas excepcionais para as persoas con necesidades educativas específicas, senón na adopción dun modelo de currículo que facilite a aprendizaxe de todos os alumnos na súa diversidade (Bayot, Rincón y Hernández, 2002).

2. Perspectivas psicopedagóxicas de atención á diversidade

Tolrà Mabilon (1997) sostén que unha política global de integración dos estudantes con necesidades especiais ten de basarse nos principios de universalidade, integración, coordinación, igualdade de oportunidades, participación, información e solidariedade.

Cada vez son máis os estudantes discapacitados que acceden á universidade, polo tanto, deben poñerse todos os recursos materiais e humanos que se consideren necesarios para paliar os impedimentos que estes alumnos poidan ter e garantir, o principio de igualdade de oportunidades, inherente á nosa orde social. O espírito integrador e normalizado que posúe o sistema educativo tamén se fai efectivo nas universidades, segundo Bermúdez, Rodríguez e Martín (2002).

Ensinar e aprender a diversidade da especie humana é unha das tarefas fundamentais da educación para o século XXI (Delors, 1996). La diversidad es un fenómeno que constatan (constatamos) diariamente todos los educadores. A acción educadora tende, frecuentemente, a uniformizar e para Bayot, Rincón e Hernández, (2002) son varias as razóns polas que se resisten a contemplar as diferenzas;

a) Pensar que os demais poden ser, pensar, actuar,... de forma distinta a como nosoutros somos, pensamos e actuamos é un exercicio que nin todos, nin sempre estamos dispostos a realizar.

b) A uniformidade ofrece seguridade e sensación de poder ao educador. Pola contra, se entre as persoas dun grupo se fai patente a diversidade, os individuos dun grupo realizan actividades distintas ao mesmo tempo ou se respectan intereses e ritmos, é fácil que o responsable do grupo se inquiete e poña en dúbida o aproveitamento dos seus educandos.

c) Existe, e a miúdo prevalece, o desexo de simplificar en forma de "proposta única" sobre a diversificada porque aquela é menos custosa: no metodolóxico, en canto ao contido e organizativamente.

A construción dun programa educativo que atenda á diversidade ten que incluír, polo menos, tres compoñentes educativos segundo Bayot, Rincón e Hernández (2002):

a) Fomentar o respecto pola diferenza e o saber convivir cos demais, xa sexa no ámbito familiar, social ou escolar.

b) Aproveitar esa mesma diversidade existente como elemento formativo dos individuos.

c) Ser lo suficientemente flexible, de maneira que parta de esa diversidade (o diversidade) y construir, en cada uno y en su conjunto, hasta el máximo de sus posibilidades.

Según Parcerisa (1999:62) as medidas que favorezan a atención á diversidade nos distintos espacios educativos teñen que enmarcarse en dinámicas máis globais de innovación nos centros educativos. En realidade, trátase de salvar impedimentos actitudinais e, en parte, organizativos que a institución debe ter en conta na súa planificación xeral.

O psicopedagogo, na súa toma de decisións relacionadas coa atención á diversidade en distintos contextos educativos, deberá ter en conta algúns criterios xerais (Echeita, 1997): Tendencia á máxima normalidade (propostas o máis cercanas posibles ao currículo ordinario) e máxima atención individual, procurar que se leven a cabo medidas ordinarias antes que extraordinarias, facilitar acordos de centro respecto ao momento en que será necesario aplicar medidas extraordinarias e prever as consecuencias que vai ter a aplicación de medidas extraordinarias para: os alumnos, o propio equipo educativo e a institución.

3. Accións desenvolvidas nas Universidades

Son diversas as accións que se levaron e se están levando a cabo nas distintas universidades. Torres González (2000) sinala as seguintes; estudos e accións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios e campus universitarios para mellorar as condicións de accesibilidade, mobilidade e transporte mediante convenios con outras institucións, elaboración do censo de estudantes con discapacidade así como as características da mesma, apoio no estudo, labores de concienciación entre os membros da comunidade universitaria, axudas técnicas, programas de inserción sociolaboral, acción tutorial especializada (departamentos de pedagogía e psicoloxía das universidades) e prácticas en empresas e procesos de adaptación e diversificación curricular.

Entre as diversas accións que se desenvolven nas Universidades podemos destacar *Orientación a persoas con discapacidade*. Un grupo de estudantes para os cales a orientación é especialmente importante é para os estudantes con deficiencias. Téñense feito especiais esforzos en numerosos países para asegurar o acceso a tales estudantes e para proporcionarlles a axuda especializada que necesitan para acadar con éxito os seus estudos. A

natureza da axuda debe incluír asistencia técnica e humana (Watts e Van Esbreck, 1997).

Hai, no entanto, unha forte tendencia nalgúns países a evitar actuacións utilizando o nome de deficiencias e en lugar diso apoialos nas súas propias decisións e nas súas propias disposicións. Actualmente hai un profundo debate en se este servizo debe ser integrado nun modelo holístico e global dirixido a todos os estudantes evitando deste xeito a estigmatización das persoas. Con isto faise mención implícita aos principios de normalización e sectorización de servizos (Watts e Van Esbreck, 1997).

As universidades españolas xa comezaron a traballar na implantación de servizos de apoio para atender a estudantes que acceden a elas e que presentan algún tipo de discapacidade. Entre os obxectivos xerais que establecen os servizos Alcantud (1997) define; asesoramento psicopedagóxico e académico aos alumnos e profesores naquelas cuestións relacionadas coa discapacidade e os estudos universitarios. Da consulta nas páxinas WEBs das diversas Universidades Alcantud, Ávila e Asensi (2000), ofrécennos unha visión das diversas propostas de orientación que teñen ido e van emerxendo no noso contexto así como no contexto máis próximo, o europeo, e que a continuación reproducimos.

a) Internacionais

	UNIVERSIDADE	PAIS	TIPO DE SERVICIO	ANO DE INICIO
1	Universidade de Mons	Bélxica	Especialización en déficit auditivo	1965
2	Universidade Católica de Lovaina	Bélxica	Servicio xeral	1973
3	Universidade de Bristol	Reino Unido	Especialización en déficit auditivo	1978
4	Universidade de Dublín	Irlanda	Servicio xeral	1989
5	Universidade Tecnolóxica de Viena	Austria	Servicio xeral	1991
6	Universidade “Johannes Kepler” de Linz	Austria	Especialización en déficit auditivo	1991
7	Universidade de Lyon; Lyon III; estudos xurídicos e lingüísticos Lyon II: Ciencias humanas Lyon I: Ciencia e estudos de medicina	Francia; Rexión de Rhone – Alps Especialización en cada unha das universidades da Rexión	Especialización en déficit visual (Formación Informática para Deficientes visuais)	1991
8	Universidades de Grenoble (I,II,III) S.A.U.H. Servicio de Acollemento Universitario de Discapitados (Servicio Interuniversitario)		Especialización en déficit motórico	1991
9	Universidade de Savoia		Especialización en déficit auditivo	1991
10	Universidade París XI. Gran dispersión xeográfica. Repartida en 5 localidades e 3 departamentos. Pluridisciplinaria	Francia; Rexión de Ille de France Asociación Interuniversitaria HANDISUP	Servicio xeral	1991
11	Campus Jussie: París VI París VII		Servicio xeral	1993

12	Universidade de Leeds	Reino Unido	Servicio xeral		1992
13	Universidade de Comenius	Eslovaquia	Especialización déficit visual	en	1992
14	Universidade de Estocolmo	Suecia	Servicio xeral		1993
15	Universidade de Atenas	Grecia	Servicio xeral		1993
16	Handicap & Study	Holanda	Especialización déficit físico	en	1993
17	Universidade de Karlsruhe	Alemaña	Especialización déficit visual	en	1993
18	Universidade de Copenhague	Dinamarca	Servicio xeral		1994
19	Universidade de Glasgow	Reino Unido	Especialización déficit visual	en	1994
20	Universidade de Linkopinig	Suecia	Servicio xeral		Descoñecido
21	Universidade de Nottingham	Reino Unido	Especialización déficit visual	en	Descoñecido
22	Universidade Central de Lancashire	Reino Unido	Servicio xeral		Descoñecido
23	Universidade de Westminster	Reino Unido	Servicio xeral		Descoñecido
24	North East Wales Institute of Higher Education	Reino Unido	Especialización déficit físico	en	Descoñecido

b) Nacionais

LOCALIZACIÓN		SERVICIO	ANO DE CREACIÓN DO SERVICIO
ANDALUCÍA			
1	Universidade de Almería	Vicerrectorado de estudantes. Centro de Información e Documentación Universitaria (CIDU).	1995 - 1996
2	Universidade de Cádiz	Solidarios para o desenvolvemento. Programa de Axuda a Estudantes Discapacitados (PAED).	Descoñecido
3	Universidade de Granda	Vicerrectorado De Estudantes e Docencia. Secretariado de benestar Social. Gabinete de Atención ao Estudante.	1992/1993
4	Universidade de Málaga	Dirección xeral de Alumnos e Servicios á Comunidade Universitaria. Servicio de Atención Social.	1991/1992
5	Universidade de Sevilla	Servicio de Asistencia á Comunidade Universitaria (SACU). Área de Asesoramento Psicolóxico e Social.	1995/1996
ARAGÓN			
6	Universidade de Zaragoza	Unidade de Protección e Prevención de riscos	Descoñecido
ASTURIAS			
7	Universidade de Oviedo	Oficina de Acción SOCIAL	1994/1995
BALEARES			
8	Universidade de les Illes Balears	Apoio en Selectividade	1993/1994
CANTABRIA			
9	Universidade de Cantabria	I.C.P. Dpto. de Educación	1999/1999
CASTELA – LEÓN			
10	Universidade de León	Secretariado de Asuntos Sociais Unidade de Apoio a persoas con discapacidade	2002

11	Universidade de Salamanca	Edificio Xurídico Social Servicio de Asuntos Sociais	1995/1996
12	Universidade de Valladolid	Servicio de Atención Social Secretariado de Asuntos Sociais	1996/1997
CATALUÑA			
13	Universidade Autónoma de Barcelona	Oficina d' Afers Sociais Programa de Integración dos Universitarios con Necesidades Especiais (PIUNE)	1991/1992
14	Universidade de Barclona	Servei d' Atenció a la Comunitat Universitaria Oficine de Integració Universitaria i Social	Descoñecido
15	Universidade de Girona	Oficina da Prestación Social Sustitutoría	Descoñecido
16	Universidade de Lleida	Servicio de Extensión Universitaria	Descoñecido
17	Universidade Pompeu Fabra	Servicio de Atención á Comunidade Universitaria (SACU)	1996/1997
EXTREMADURA			
18	Universidade de Extremadura	Programa "Universidad – Diversidad" Servicio de Atención a Universitarios con Discapacidade.	
GALICIA			
19	Universidade de A Coruña	Servicio de Asesoramento e Promoción do Estudante SADE	
20	Universidade de A Coruña	Oficina de Acción Solidaria	
21	Universidade de Santiago de Compostela	Vicerrectorado de Estudiantes	
MADRID			
22	Universidade de Alcalá de Henares	Fundación Xeral da Universidade de Alcalá. Prestación Social Sustitoria	Descoñecido
23	Universidade Autónoma de Madrid	Asociación de Pais e Amigos de Discapacitados da Universidade	1996 /1997
24	Universidade Carlos III de Madrid	Plataforma para a Promoción do Voluntariado Social: Proxecto Charlie	1995/1996
25	Universidade Complutense de Madrid	UNIDYDA(Universidade e Discapacidade)	1989/1990
26	Universidade Complutense de Madrid	Solidarios para o Desenvolvemento	1991/1992
27	Universidade Politécnica de Madrid	ETSI AGRÓNOMOS	Descoñecido
MURCIA			
28	Universidade de Murcia	Servicio Universitario de Voluntarios (SUV)	Descoñecido
PAIS VASCO			
29	Universidade de Deusto	Vicerrectorado de Alumnos	1995 /1996
COMUNIDADE VALENCIANA			
30	Universidade de Alacante	Vicerrectorado De Alumnado. Secretariado de Asuntos Sociais.	1996/1997
31	Universidade Jaume I Castelló	Servei d' Orientació Académica y Profesional.	1991/1992
32	Universidade Politécnica de Valencia	Centro de Estudios para o desenvolvemento de Axudas Técnicas e Sistemas de Integración Socio Laboral para Persoas Discapacitadas.	1995/1996
33	Universidade de Valéncia	Asesoria Universitaria de atención ao estudiante con discapacidade	1995/1996
UNED			
34	UNED	Centro de Investigación e	1995/1996

		Desaenvolvemento para Alumnos con Discapacidade (CIDAD)	
--	--	---	--

Nestas unidades son diversas as accións que desde elas se impulsan; sirvan de referente as seguintes;

- A *Universidade de Cantabria* e o comité autonómico de Entidades de Representantes de Minusválidos de Cantabria (CERMI-Cantabria) están realizando conxuntamente un estudo que permita a supresión gradual no campus de barreiras físicas, psíquicas e sensoriais que dificultan o acceso e integración das persoas con algún tipo de minusvalía. Proximamente percorrerase os distintos edificios do campus para preparar un informe sobre os pasos que debería seguir a institución para eliminar este tipo de barreiras.

- Varias institucións no ámbito universitario de *Granada* puxeron en funcionamento algúns dos mecanismos de eliminación de barreiras de comunicación para o *estudiante xordo*, tales como; creación da figura de bolseiro – colaborador, profesionalización do intérprete da Lingua de Signos, establecemento do Gabinete Psicopedagóxico e Orientación Universitaria (Gutiérrez Cáceres, 2000).

- Respecto do asesoramento vocacional de estudantes con minusvalías, mencionamos, por exemplo, o Plan de Actuación da *Universidad Jaume I* cos Estudantes con Necesidades Educativas Especiais e o Centro Universitario de Asesoramento ao Estudante con Discapacidade da Universitat de València. Por último, hai que destacar o labor sobre prevención e intervención en conductas adictivas que se está levando a cabo no Instituto de Investigación sobre Drogodependencias na Universidade "Miguel Hernández".

- Os estudantes universitarios con discapacidade transitoria ou permanente da *Universidade de Alacante* contan con; Programa de Incorporación de alumnos con discapacidade e un Programa de Acompañamento de estudantes con discapacidade.

- Entre as actuacións que se están realizando na *Universidade das Palmas de Gran Canaria* para conseguir a plena integración de persoas con discapacidade; (i) servir de apoio psicopedagóxico a alumnos e profesores e (ii) realización dun informe sobre as barreiras arquitectónicas da Universidade e proposta de eliminación.

- A Universidade de León recentemente creou a Unidade de Apoio a persoas con discapacidade, así como se iniciaron accións dirixidas á supresión das barreiras arquitectónicas.

4. Retos de futuro

Aínda que valoramos positivamente as iniciativas que están emerxendo nas diversas universidades españolas. É necesario subliñar a importancia de que non sexan iniciativas ailladas senó que estean integradas e formen parte dun plan xeral de atención á diversidade de estudantes universitarios.

Coincidimos con Díaz Sánchez (2000), quen subliña a importancia de favorecer a instauración de servizos de orientación psicopedagóxica naquelas universidades nas que non haxa e potenciar o seu desenvolvemento e avancen naquelas outras en que xa exista, porque cremos que o seu labor con todo o alumnado universitario que os necesite, incluído aquel que posúa algún tipo de deficiencia ou minusvalía, pode ser de valor incalculable.

O Vicerrectorado de Estudiantes, común en todas as universidades en coordinación con outros vicerrectorados é un dos axentes coas competencias necesarias e suficientes que pode impulsar iniciativas como as comentadas ao longo deste artigo no ámbito universitario.

Estamos de acordo con Álcantud, Ávila e Asensi (2000), quen sinalan que unha Universidade que contemple entre os seus servizos os servizos de apoio, que faciliten a integración de estudantes con discapacidade, é simplemente unha universidade mellor.

5. Referencias Bibliográficas

- Álcantud Marín, F. (1997). Universidad y Discapacidad. En Alcantud Marín, F. (29 - 47). *Universidad y Discapacidad*. Valencia: Lliso.
- Alcantud Marín, F., Ávila Clemente, V. & Asensi Borrás, M^aC. (2000). *La integración de Estudiantes con Discapacidades en los Estudios Superiores*. Valencia: Universita de Valencia Estudi General.
- Alcantud, F. (1995). *Condiciones de vida y necesidades de los estudiantes autodeclarados como minusválidos en la Universitat de Valencia* (Estudi General) durante el curso 1994/95. Informe de Investigación. Por encargo del Vicerrectorado de estudiantes.
- Ávila, V. (1998). *Análisis de la problemática de los alumnos con deficiencias visuales en los estudios universitarios: El caso de la Universitat de Valencia* (Estudi General). Tesis Doctoral. Universitat de Valencia.
- Bayot Mestre, A., del Rincón Igea del, B. & Hernández Pina, F (2002). Orientación y atención a la diversidad: descripción de programas y acciones en algunos grupos emergentes. *Revista Electrónica de Investigación y Evaluación Educativa*, 8, 1
- Bermúdez, E., Rodríguez, M^a.O., Martín, A. (2002). La integración del alumnado con discapacidad en la Universidad. La ayuda que prestan las TCIs. En Vicente Castro, F., Ventura, A., Julve, J.A., Ventura, A. & Fajado Caldera, M^a.J. (2002). *Necesidades Educativas Especiales. Familia y Escuela*. Nuevos retos. PSOCX: Teruel.
- Buendía Eisman, L. (1990). Evaluación y atención a la diversidad. En Salmerón Pérez, H. (29 – 45): *Evaluación educativa. Teoría, metodología y aplicaciones en áreas de conocimiento*. Granada: Grupo Editorial Universitario.
- Casanova, M^a. A. (1997). Tratamiento de la diversidad en el sistema educativo actual.. En Alcantud Marín, F. (47 - 59). *Universidad y Discapacidad*. Valencia: Lliso.
- Delors, J. (1996). *La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional para el siglo XXI*. Madrid: Santillana.
- Díaz Sánchez, F.A. (2000). Importancia de la orientación educativa en la atención a la diversidad de alumnos/as con necesidades educativas especiales. Narración de

- experiencias. En V. Salmeron & V.L. López (269 - 272): *Orientación Educativa en las Universidades*. Granda: Grupo Editorial Universitario.
- Díaz Sánchez, F.A. (2000). Importancia de la orientación educativa en la atención a la diversidad de alumnos/as con necesidades educativas especiales. Narración de experiencias. En V. Salmeron & V.L. López (269 - 272): *Orientación Educativa en las Universidades*. Granda: Grupo Editorial Universitario.
- Echeita, G. (coord.) (1997). *Atenció a la diversitat i necessitats educatives especials*. Barcelona: UOC.
- Fernández Díaz, M.J. (1997). Evaluación de centros educativos. *Revista Electrónica de Investigación y Evaluación Educativa*, 3, 1.
- Giron, A. (1997). Los servicios de apoyo para estudiantes con necesidades específicas: una visión Europea. En Alcantud Marín, F. (145 - 161). *Universidad y Discapacidad*. Valencia: Lliso.
- Granados Martínez, A. (2000). ¿Tiene cabida la diversidad en la Universidad?. En V. Salmeron & V.L. López (144 - 147): *Orientación Educativa en las Universidades*. Granda: Grupo Editorial Universitario.
- Gutiérrez Cáceres, R. (2000). Orientación de los estudiantes con deficiencia auditiva en la Universidad; eliminación de las barreras de comunicación. En V. Salmeron & V.L. López (205 - 211): *Orientación Educativa en las Universidades*. Granda: Grupo Editorial Universitario.
- Lizasoáin, O. & Peralta López, F. (1998). Atención a la diversidad. En R, Bisquerra Alzina (coord.).(273-280). *Modelos de Orientación e Intervención Psicopedagógica*. Barcelona: Praxis Universidad.
- López Sacristán, A. (1991). El proyecto Helios. *Cuadernos de Pedagogía*, 195, 69 – 72.
- Oteiza, A. (1997). Estudiantes sordos en la Universidad: Análisis de la realidad y aportaciones de los interesados. En Alcantud (Ed.). *Universidad y Diversidad*. Valencia: Universitat de Valencia.
- Parcerisa, A. (1999). *Didáctica en la educación social. Enseñar y aprender fuera de la escuela*. Barcelona: Graó.
- Tolrà Mabilon, J. (1997). PIUNE. Programa de integración de los universitarios con necesidades especiales. En Alcantud Marín, F. (173 - 193). *Universidad y Discapacidad*. Valencia: Lliso.
- Torres González, J.A. (2000). El papel de las instituciones universitarias en la creación y desarrollo de servicios de orientación y apoyo para estudiantes con discapacidad. En V. Salmeron & V.L. López (125 - 132): *Orientación Educativa en las Universidades*. Granda: Grupo Editorial Universitario.
- Varela, A. (1997). *Las personas con discapacidad ante la Universidad: Un reto posible*. En Alcantud (Ed.). *Universidad y Diversidad*. Valencia: Universitat de Valencia.
- Watts, A.G. & Van Esbroeck, R. (1997). *New skills for new futures: Higher Education Guidance and Counselling Services in the European Union*. Vupress: Bélgica.